



Samuel L. París

a Ánxela
~~-non te esquecemos-~~

+ Manual da destrución +

A paixão pela destruição é uma paixão criativa

M. A. B.

CapítuLo 1.~ Amør á patria
e á puta que a fixo *

Antropoloxía

o home vén do mono

o home vir
vén do mono

o galego vén do stereo
e en carnota
co dolby
semella que o son vén de todos
lados

a muller vir
vén da mona

e ben mona que es
porque saiches aos loureiro
e es de boa lactancia

a taxa europea e a miña lactancia autónoma

mamas libremente asociadas

a patria
será sempre matria
as tetas gordas como unha teta gorda

pero é que ninguén di GRAZAS
GRAZAS por non dicilo talvez
GRAZAS e AO e IMPOSÍBEL
sereas e tres horas de noite
benvidos ao paraíso
pero es que los gramáticos
son los de la mesa
los del bloque

 bloqueiros

 inciso

 a xente que di
 son los del bloque
 teñen as fincas rodeadas de
 bloque

 feísmo remata en ismo
 como catolicismo
 pode que sexan os mesmos

y yo-no-sé
pero nos lo imponen
y a los niños no les justa aprenderlo de tal xeito de tal modo dóeme

 o peito
 cancro
 lingüístico

y me encanta galicia YO TAMBIÉN SOY GALLEGA
 quei me encanta o teu catro por catro
 rapaces en uniforme
 pelo louro tinguído
 apelidos com-postos
 com-postos na xunta
 opus dei
 dei
 deirlle a misa de cando en cando

«nunca fue la nuestra lengua de imposición
sino de encuentro
a nadie se le obligó nunca a hablar en castellano»
 juancarlosprimerodehispanialavieja

y
joderNENO
yoTAMBIÉNgalizaCEIBE
peroESqueMISPADRESPAPÁSPROXENITORES
meENSEÑARONaHABLAREnESPAÑOL
 e tamén a fumar porros
 e a lamberlle a coníña á mosa
 os pais non ensinan todo
 os países tampouco

na galiza
en galego
na rabiza
en rabego
bilingüismo sesentaenove
e non fales de amor á patria
cando queres dicir
SEXO

Transporte

arriba e abaixo

abaixo do arriba

arriba e derriba castro-mil-cento-mil-millóns

de castromiles

código ético da discordia e tócanme

os xeonllos

no asento de diante

parada cardíaca solicitada

escorren corren pingan pola fiestra

debuxos

atapuerca

embazado

vítreo

mirador

paisaxe

bucolismo

condutordandogasaoasunto

in aeternum

Turismo

verán frigopés e demais
verán festa chiringos verbena
pasarrúas verán suor
 procesións marítimas flores ao mar
verán foguetes sete estalos
 verán chapapote piche nos pés
verán vostedes o xeito de poñerse as fanequeiras
verán gaita teatro na praza imos á praza que hai teatro
 a tal hora en tal sitio
noite verán mosquito na orella

bis
bis
bis
bis
bis
bis

bisbarra verán
bisbarra do bar
 repito na barra do bar
cervexa ben tirada tapa
 en barcelona no nos ponen tapa
 gratis
 de balde

verán orquestra
pero este ano non hai panorama
 parís de noia
 pero disque é boa
 tócalle a de dolores se llamaba
 lola
 para a xuventude
 tómalle un cacharro
 fai un

verán morenear lentes de sol por toda a cara
verán nivea unto dérmico
grazas aos da comisión de desfeitas
verán moito turista
 quei chove
 non pisamos a praia
 quei chove
 e non hai nada para ver
 turista aboiado
 turista polas pistas
 turista polas corredeiras
 oh
 un hórreo
 una cabaceira
 turista aboiado
 turista mirando unha cancela

oh
cierres rústicos
bucólicos
quei chove e turistas con plásticos no verán
verán que agosto
teño setenta para setentembro
verán camareiros verán asfaltando verán nos tellados
verán gastronómico potas cheas
casa chea casa baleira
verán areas no sofá
entren e verán

Infraestruturas

pero eu non son así
en serio
de verdade da boa
de verdade da avoa
que non
que non son así

rotonda conversacional
voume por aquí
voume por alá

dígoche que non
en serio
por estas que non
polo que máis quero
que son os meus oito collóns
que non

rotonda conversacional
todo está ben
nada está mal

zume de laranxa

a xente que pide bitter kas
nos bares
pídelle aos fillos

MOSTO!

Sanidade

con gañas de poñer toda a carne
a galopín galopín
xeando o horario válido
non teño calefacción interna
non teño combustión interna
non teño motor de explosión

e múdalle o respiro
e rebéntate vida apagada
e cobras e pero meogo

cada hora
cada día
sexa o que sexa
sostén marrón
cor carne
cor de carne de muller maior
e o sintrom a cada paso
e os vellos ven

saber vivir

pero só lles ensinan a

saber morrer

e ela nada no mar
como unha caldeirada deconstruída de raia
sen meterse raias
gramos e tres miligramos

tres son multitude
onde caben dous caben tres
tres illos
tres illos sofás da apocalipse

o meu sangue xornal gratuíto
o teu sangue xornal gratuíto
xuntando para os teus gastiños

metinme tres gramos de gastiños
esta fin de semana
e a queixada quéixaseme
seme
seme
seme que me corrín agora

sintrom coágulo
sintrom vellos en colas
sintrom a-rre-de-mo-ca-ra-llo-co-no-vo-sen-tro
médico

aos poucos

aos vellos lonxe mellor

temos a todos os poetas
tomando sintrom
temos a un exército de poetas
pendientes das receitas
temos a un coito de poetas
coa vacina da gripe achís xesús
saúde

nada nada

aquí non se salva ninguén

sintrom coágulo
sintrom vellas cardadas
sintrom corazón espectantes

sintrom nin som

Xuventude

alisan o pelo
sábado á noite
pásanlle o ferro ao pelo
e din que non o fan a pelo

pero si

maquillaxe
cacharros que saben a coco
poñer as pallas nas orellas
saías curtas
e o moco pinga
din que saben o que buscan
e quedan cos seus ex
para tocarse
aínda que din que non

pero si

e mandan mensaxes
e non fuman herba
fuman tabaco
e mercan caixiñas para o tabaco
e van a misa e mira que as quere
a súa avoa
que saben que morrerá en breve
aínda que pensen que non

pero si

furan as orellas
a lingua
 española
 ou galega
furan tamén o embigo
 ondas do mar do embigo
 u-lo meu amigo?

furan os beizos
e infeccións
e betadine sempre a man en pipotes
que pensan que non pasa nada

pero si

Medios de comunicación

porno muiñeira
que van de baile

un saúdo para mazaricos
que temos xente
de mazaricos

uterizando pirolas
do grapo
sing sing sing cantar de cantareira
canteira de cantareiros

un saúdo para foz
hoxe acompañannos
veciños focenses

o cobertor
escorredor
o rodo limpa-clean os pratos
da voz de galicia

un saúdo para arxentina
que nos ven
a través da canle internacional

conectamos en directo
co outro lado do escenario
sing sing sing
chamádeme ás dúas da noite
entro ás sete a choiar
sing sing sing
tocoume un electrodoméstico
milar

un saúdo e un grollo de augardente
da casa

os popis saíron hoxe ás rúas
subidos en contedores do lixo
 materia inerte
 materia orgánica
 materia histeria

os popis e
lentes
de pasta
renunciaron ás súas iconas e pantalóns
 icona deluxe
 icona planetas
 icona alaska

alaska
vermont
utah
a fonsagrada
fonte sagrada que dá vida
a tando popi alporizado

popis
comédesme o rabo

licor café
licor café
licor cafecta a todo cavilar
licor cafea ás mulleres que pasan
licor café
licor café
licor café
licor cafermenta os miolos
licoruñeses café
licorpulentas damas café
licornudo do mundo café
licor caferve no sangue
licortisona café
licorenta úteros de café
licor cafertiliza a alma
licorniscando sempre café
licordilleira nai do café
licor café
licor café
licorcafé
licocafé
licoafé
licafé
lífé
fe
é
é
é
é licor café

Micropolítica

a cidade de deus
quedou pequena para os nosos heroes

a cidade de deus
non sempre mantén unha orde axeitada

a nosa lealtade
á heroína
que me queres dicir
quei toleas
cánto se tarda en cocinar
e que logo se come
e este ano hai pouco turista
abrigate ben
e coidado coas correntes
eléctricas
e chama aos do xallas
outra vez
e aí anda
e xa empeza
e non calas
e saíches a teu pai

a cidade de deus
dá positivo sempre
e anda na droga
e o peor é para a familia
e anda na merda
e empeza cos porros e xa se sabe
e ten una chispiña enriba
pero é festa
e xa se sabe
xa andaba con malas compañías
e santa compañía
e rabúñame o escepticismo
e escoita ben que este ano
trouxeron unha boa orquestra

a cidade de deus
desespera
cando non hai pachanga
e a ver se xuntamos xente
e fai ti os equipos
e facemos tres equipos
e non vou no teu equipo
e apostamos unhas cañas
e es un amarrón
e menudo paquete

e sempre é a rei de pista
e o republicanismo chora na banda
e somos unha banda de carallo

a cidade de deus
é natural compatriota e sae sempre en padiola
analogamente ao que agardabamos
e para catro veciños que somos
e ti non pos para as festas
e ti goberna na túa casa
e foi cambiar as flores ao cemiterio
e bótame un toriño de xarda

e somos vítimas
de todo isto

amamos a cidade

e non amamos a deus

de feito
odiamos a deus

Asuntos exteriores

o allo comido
rebélase dende o estómago

na procura de novas
alianzas bélicas
recompón o seu estado optimista

europa e madrid
manteñen o seu réxime

animismo dixestivo!
que viva a folga emocional!
sentimentos á rúa en coitos!

as graxas afastadas
como símbolo de benvida
ao estado libre asociado da vitoria

rh dixestivo
rh light
rh ao espeto

condenando a fame
e comendo requente
coas mans limpas
de sangue galega

mentres se come non se fala
mentres se fode non se fela
mentres se pode non se come
e fodemos

gernika love parade
muiñeira sound machine
aizkolari bass boost
mystical old percebeiros

kokotxas ao leite da galiza insurxente
sen xente
que non mame do lado azul
da hespaña

hespaña

cueiro do sentimento

triste e áceda
e inexistente hespaña

LÍBRO TERCEIRO

FAGOZITA UN VERÁN

× ◊ √

CUSPE UN VERÁN

je ne sais pas
pas
pacíficate euskaldún
euskaldún
europa
pensa
suicidios

08121984
02072007
192kbps
bloq mayus <off>
reino de arriba
vento de abaixo
demo puzzleiro
10:02 07.07.02 algo peor
opções - pesquisa - apagar

atopei un okupa
antifascista
baixo as cicatrices
do meu xeonllo desmeniscado

bapticeino

e comecei unha lenda

o son
 chapoteo
da miña man
xogando
na túa cona
molladísima
 no vendaval do falo

chantei aquela tremenda erección
no punto medio exacto
entre
ferrol e vilaboa
e come on home
porque es o motivo por o que vivo
[fóra da túa vida]
e don't forget the gran de millo
mentres me bicicleteas con lingua de primavera
[samuel xa sabes que non quer iogur
de ananás]

falaráse de nós
como a xente boa
que caeu no xogo absurdo
e cruel
e tanta cona por educar
de tanta mente egoísta
que pretende mergullarse sen abandonar o barco

a historia fará desta histeria
unha xustiza linda sen esquemas
en cadros

e o resto falecerá

viránse abaixo as estúpidas
os dinamarqueses designios
os mosquitos mortos das lámpadas
e buk darános unha aperta que saberá
a caña de estrela galicia

será entón cando renunciaremos
a nos arrepentir
do noso xeito de amar á vida

a quen debo chamar
para que me declaren tolo
tras a entrada de cen tulipáns
no falansterio que achei
entre os beizos húmidos
que rodean o teu útero
stereo?

cando ela comezou a pensar en el
eu deixaba de pensar en el e ti nin en el
confiabas pero ti máis ela
en min reparabades
nas curtas estancias da gasolina
e eu e vós fixemos de el parte de nós
e agora todas elas entenden que nós
sen vós e sen el
sínxelamente
somos unha morea
de erros

lique que cubre o remate do falo
falo co que busco na túa cona
a espectacular sucidade mergullada
nos teus ollos
de nai da mafia

e a corrida mantívose detida
no aire
durante cinco segundos
e comprendiches o motivo do sexo
nunha estación de servicio campsa

cada vez estou máis seguro
de que podo posuír
sexualmente
a harvey keitel
aínda que non levemos
catro anos saíndo

tranquilo coma tirado
penso que
espatarruxado
tranquilo
digo
tranquilo estaba cando o devandito
espírito de ermua
se adentrou
desactivando o inconformismo
así que o guindamos
digo
o guindei
ao chan
cun solemne cobadazo
e foi entón
e só entón
cando puiden
 violar
 o espírito de ermua
 e sentir
 ser
 aquela persoa
 que puxo as cousas
no seu verdadeiro sitio

negouse
de xeito reiterado
a falar con propiedade
por consideralo un roubo

teño máis
indometacina
nos riles
que trazas de empatía
na man esquerda
coa que sinalo
os sinais de tráfico
de drogodependencias
que nos afastan

non tomei unha boa
merendola
na vietnam voadora
e non queda quen me foda
nas duras noites do corazón remolcado

non renunciar ao estúpido
atentado feliz
da vida contra da hipocrisía seriota

mata a túa versión
do enterro do veciño

queima ao infiel ti-mesmo
no que dubidas
e fai de ti un grande
da estupidez barata

a frecuencia na que emites

te quiero
te necesito
te echo de menos

doa algún que outro shacking hands
con amigos de vinganza impopular

eu deseñei todos os botóns
número tres
dos mandos de deucedé
nos que apoías os beizos

apoiou o queixo na barra
para
acto seguido
erguerse e poñerse
cara a cara
co rapaz desaliñado que o tiña insultado

arrecende a lixivia

ao desfacerse da auga
e baldear

o home fita ao rapaz
e reconécense derrotados por igual

home break down
rapaz mad situation
e comeza a guerrilla urbana
bipersoal

non vocalizar

toque no peito
co índice esquerdo
e despois coa palma da man aberta esquerda

e
de súpeto
erguerse cedo
mirar ofertas do súper
dar para as festas
os velorios
cambiar as rodas ao panda
calear as paredes

home e rapaz
son o mesmo home
e o mesmo rapaz
pero até que o entendan
o telediario abrirá falando de
terrorismo que non mata
pero non abrirá falando de
fronteiras que matan

o home e o rapaz
confuso ministerio da casa da liberdade
que non presta e non é xustiza na que se rendir
home e rapaz
faltos de hixiene persoal
con garantía

unha calamidade

pecha o bar

encántame observar
como me forza o orballo
ao chegar á alameda
mentres vexo o cartel
que sinala o camiño ao tanatorio
SEMPSA
e auga esvara pola estrada
nunha pendente como a de onte
mentres algún can suplica de xeonllos
que as estrelas sexan todas
vermellas

señor cura
a vostede mateino
por mentireiro
inxurioso
fascista e maltratador
por castigar a liberdade emocional
con ritos absurdos cos que loitar
coa beleza pagán

mateino como se mata a un porco

comín as súas tripas
feliz
sorrinte
e ilusionado

como a última puta

así vou ao encontro
da apocalipse

así e máis repleto de pensamento
marxista

se cando deixe este mundo
permanezo vivo
fai medrar no mar
os ventos do adeus
cos que convivín
en harmonía
e pequena raiba feiticeira

aberta en oito
como un parque acuático
así é o xeito no que te lembro
deitado nunha das túas lombas graxentas
e vidas a menos

a hixiene dos cans
éme tan estraña
que me dis algo no que non reparo

atópaste cos dous
tes
do binomio

trash-metal

e queres un arma ultravaronil e escándalo e febreiro
papá
correspóndenme dúas chamadas perdidas
mentres viro a testa nos figados do pogo

alugas un oker nago calquera
e despeiteaste militarra

scott

eles poñen o taboeiro
e nós o xogo

tirar todos os botes ao chan
escachan os botes contra o chan
mesturar todos os contidos
pero non en termos absolutos
e engulir toda a nova masa nacente
lambendo o chan todo
pero non en termos absolutos

os folios que son azuis
ao entrar o serán de agosto por a fiestra
e que sinalo vestido
de puta en branco

aquí había unha poesía
pero xa non queda nada

querida amante

[rexeneración de tres cunchas]

hoxe sinálote con este bico cargado de medo
mentres
trabo os meus propios intestinos alfabéticos

querida amante

[alma-animal de tres faíscas]

fálame do odio do xeito no que acostumas
a berrar mentres fodemos cos ollos
pechados

querida amante

[barakaldo de tres satélites]

observa interesada como se apagaron
as apertas
e escoita o meu laio inconsciente

intentei voar sobre oito mares e pico
mais non puíden ver
quén eras

se saboreo a metadona
só é porque rima con cona

a segunda mellor felación que fixen
foi durante un
austria – francia

de todas as miñas venéreas
a peor a propia sangue túa
que mamei
do teu corpo espido
en cóxegas constantes constantes antes de que
constase

pero que conste en acta

todo o mundo
está mal

ninguén ten o que quere

a soidade é o deus

doa as orellas
á túa pescadeira
e everything is gonna be alright

a xente continúa crendo
nas relacións sentimentais
porque a xente é imbécil e dura

e chora con actrices
e non co veciño que chora

a empatía cagou duro
e empaleino con falo maiúsculo
e tenro

acabo de engulir
unha diminuta bóla de papel

no papel tiña escrito
un belo poema sobre ti
sobre os touros que falecen sorrindo
e sobre premonicións ditatoriais

mañá cagarei lírica inconsistente

hoxe non mandei tres mensaxes
e non fixen unha chamada

coñecendo exércitos dentro
da túa stropharia cubensis
e rebentando suicida aos teus pés

suicídome
só para ver quén chora
máis no meu enterro
e elaborar
un ránking
cos datos recollidos

aínda que só me importe
o máis ou menos salgada
que sexa cada bágoa

democracia
como governo do demo
e boletos electorais con vermes grises

zuatrapeime
entredentro deti
zuatrapeite
copeito finei enti

igual que cando vas dicilo
e non o dis

io sto bene
nesta hora xusta
coa resaca xusta
e cos apoios dos tambores
da lenda
e da falta de emoción

a noite é para min
todo o quero e todo o que non quero

libre naiz

8^a PARTE

**DE XENREIRA, RABIA E ZUMES DE
LARANXA™**

nun mesmo cuarto
podes meterlle o rabo a
moitas mulleres distintas
e a algunha que semelle
unha nova historia do tempo

e toda a xente di querer
e pronúnciao con estraño xeito

ten outro rabo na boca
e non o teu

viaxei ao longo da natureza
buscando amantes
e destruír a
nova historia do tempo

todas as noites son iguais

ao igual que as mulleres
que acariñan o meu rabo
e pelexan por mirarme aos ollos
mentres me corro

pensan que ese é un momento especial
por ser comigo
pero tras tanta puta
e tanta boa xente o sexo é sexo
e é un telediario de
antena tres

muller
pasa pola miña vida
sobre o calcaño
e sae de ela sen loitar
e co rostro cuberto en seme

e ás grandes idas de pelota
díselles
un non-tirar-a-chave

non hai caixiña
imbécil

se non che falo é porque só
es un fodido número
no fodido censo
e porque non sabes catalán

idiota
non sabes catalán

mandar mensaxes ao que queres
por escravo é símbolo
de alma podre e promesa
na mentira

váleche outro rabo
foderás por cartos e dirás
calquera cousa ao rematar

non entendes a beleza dun pistoleiro
no edificio da bolsa

a poética do vómito
a poética do paraíso
a poética de tragar o seme branco

iso non se aprende
vendo o telediario de antena tres

as mañás
as náufragas
as parcelas
as putas raxadas
hostia

o coche bomba
a masacre infantil
o bico na fronte do que vive so

as mulleres que pasaron eran
nenas doentes con altos índices
de subnormalidade no medio do útero
e todas deben comer
e entender a vida porque
se continúas así
chegarás lonxe

a vida é curta
e xa estás derrotada

sentencia ditada polas miñas pelotas
o armario que falta neste cuarto
e as horas coas que saboreo o
terte arrincado
das miñas noites de autobús

isto só é un poema
maldito depósito de pirolas
e ti non entendes un carallo de todo isto
porque es unha
puta ignorante emocional

tapo a punta do bolígrafo
poño unha camiseta
baixo cear
e manexo un disco de ska
só para me divertir

acaban de chamar os de movistar
e tampouco escoitou nada do que dixen
mentres soaba un disco de ska
que só intentaba
divertirme

hoje mexarei tres litros de
cervexa e xa xa xa

o mellor é saber en
qué
momento exacto se pecharon
todas as portas

é algo así como a sinxeleza
das telenovelas
que ven os vellos
sen reparar en que morrerán mañá

mentiras sinxelas
mentiras berradas
mentiras anxelicais
mente mentira
mentiras nas mans
mentiras intrauterinas
mentiras covardes
mentira mente mentiras
mentirás enriba da miña cama
mentiras sen kortatu xa
mentiras e golpes e orgasmostaza
mentiras tedoymicorazón mentireiro
mentirás mentirás mentiras
mentiras que non tiras
mentiras sen erro
mentiras de puta
mentiras que reafirman perenne
mentiras mentira ao carón do falo
falas mentiras
felas falos de mentira
mentiras impares e pares
mentiras todas
mentiras día tras día
mentiras world and lovers
mentiras na miña fodida cara
e ás que cuspo con orgullo
e arrogancia

xa borrei todas
as súas fotografías
pero aínda teño a da
imbécil
da súa amiga

tamén teño a do
suposto
mozo da amiga imbécil

supoño que cando apago o móbil
falan para intentar arranxar
os problemas da súa relación

o aleatorio
guindoume unha nova baldin bada
á caluga
e en breve marcho traballar

enriba da cama estou eu
un libro
e algún cedé

igual de contestatario
que cando recollín o meu
segundo accésit
e igual de libre naiz
que agora mesmo

bravo por a hostia-puta-jules
algún cabronazo merdento
facilitouche a saída
da gran revolución

lapidarán a túa familia
cristiana
e os teus catolicismos
mentres vexo e analiso porno gratuito

tres tristes tigres comían trigo
e eu cominche a cona
e suei tanto
que fun a casa mudar
a camiseta

dous anos e uns días
despois
lamentando ter metido na miña
fodida e confusa historia
a alguén tan inconsciente
e cruel

pero
o peor
é
que
a gran orquestra republicana
non tiña culpa de nada
e o meu ska
demostrouno

teño consciencia
e máis un fusil

vencerei

supoño que o sexo que viviu
ese piso
e a importancia que teñen as cousas

espertar de raiada
e poñer manu chao como
antídoto
non funciona

conto na axenda
a canta xente descartaría
para a miña fuxida da vida

cando cheguei a sesenta
parei de contar

e aínda ía polo
ele

graciñas a todos
e todas
os que fixeron de min un
desconfiado

con este poema
mantéñome crendo
e gardo xemidos de
trece mares insurrectos

o peor poema do mundo
e a miña mala sorte
confiados andan
na procura de vestidos vermellos
por fascistas condenatorios
por deus e que viva deus
e agora bótome de menos
con camiños retortos e con palabras
semellantes ao arrepentimento
coas que entro
rapidamente
en conflito
desarmado

hai que voltar aos clásicos!
ao mañá con perdóns!
hai que devolver sobre os clásicos!
nada máis que panchovillismo en coiros!

título trixésimo noveno:
~ Đ LA CØ:RONA ~

► DIARIO DUN POETA RECENCAGADO ◀

a ver se pensades que me faltan collóns
para violar
para voar
para paramilitar parálise que te criou
IMBÉCILES
teño unha adega no peito esquerdo
e no collón dereito téñote gardada

maniféstome
moita festa de cristo que te fixo fillos de puta
coma min quedan oito

caldeirada esta semana
caldeirada esta semana
caldeirada até a fin de semana
caldeirada pirolas me acerco a mi pipí y te digo al oído que
non quero nada de ti
non quero ser unha primeira persoa singular
gula pecado envexa morte moisés hebreos
PALESTINA VENCERÁ

podes recuperar
FÓRMULA UN UN UN UN unha fórmula para conducirlos a todos
 ás de manteiga ás de ouro
as de ouros corenta en ouros ouro e tesouros depósito a longo prazo
 a miña familia morreu lendo unha crítica dramática
feita por algún puto menor con síndrome de down down
o puto dow jones escarallouse vivo
 botouse auga osixenada
 nos GENUCULOs
 e saíulle unha comisión da CIG
 polo lado que non era

o fluxo caíba
a fera supera obstáculos

as conas metálicas e os non non non non non non me digas
pois vouno chamar

aquilo parecía unha cova antiga e as pintadas
das
tatexo es un tatexo os tatexos deberían morrer todos
e deixar de inventar palabras

como

mamá

papá

bebé

coco

tatexos

comédesme o rabo

rouco varela pasando o ferro
e practicándose unha felación a si mesmo mentres soa

HOSTIA

mentres soa portishead

popiautocompracentehomóforo

beatoloxismos das oito e pico

heroína
heroína
heroína
cocaína
farlopa
vitamina F
pero o que realmente mata
a unha muller
é o feito de non ter altifalantes
fala antes
e cala cando comas
rata

tarde tarde

para dálle os cartos
condutor faine caso

os dinosauros non eran todo poderosos
e o capitalismo asumíuno como tal
fracaso relativamente absoluto de todo

tarde para facer este poema

góngora
pessoa rimbaud

paula vázquez
atilano asalto á fama
superpiñeiro supercarballo

e

por fin

SUPERCARALLO un home de acción

a estrada o solpor e ti cagando á beira dun R-5

non teño cobertura
baixo o cobertor

unha rachíña ao lume e fume o xabarl xaba xaba ei!

ALUGO ANO

PREGUNTAR POR se vedes se iso e tal

a poesía como xogo
o xogo como poesía
o gato como eu
eu como gato
o gato repíteme

GAIN GAIN GAIN GAIN

no level axeitado

rotor Togo ovo oliva MÁSCARA máis cara que a puta

oferta do mes e as nais todas ledas nas súas cadeiras de nai

panos de man retortos nos pés
un polo drácula un polo branco enorme o polo norte nordés de
esta noite non nos acostumamos nesta casa
a maxia das rodas un piñón medio piñón
tres discos e unha guerra maoísta
hola le llamamos del instituto opina
contestaría unas preguntas
a un euro la respuesta correcta
contesta e merca unha chalana
todo narcotraficante ten os seus comezos
e todo narcotraficante
sabe que o caldo de grelos dálle mil voltas ao de repolo
repolo drácula un repolo branco enorme o repolo norte
con este vento non hai que realice o narcotráfico e un dous tres
vamos!

porteiro e dorsal número EME
a túa puta nai
lam-be-co-nas-de-mer-da

adios ríos adios fontes
de que chegue a casa xa vos dou unha perda

un oso de uralita
un oso de uralita comeu un can de ph básico
recarga a túa enerxía e remata ti o puto poema

lectores de pastel

gattuso será o próximo premio nobel de literatura
e lenin será será
que será será
dubidubiduuuuuuu...

vaíte para cama porque tal porque non dás feito
este ano é para ti o ano teu o ano
que tes
aínda terás algo que dicir
sácame a vida
de onde sacaches iso
total que ao final a mulleriña en cuestión non sei
debeu de ser algo raro o tema
mira o portal
ódiote nobody coa típica coña de quérote
pero nun nicho
que dano me fas que dano
porque canta violencia
unha estraña postura e un estraño estraño

o teu sorriso non vale o mesmo que un
camión de ESTRELLA GALICIA

foi vostede premiado cunha cristalaría de bohemia
así que faga a maleta
mal eta
eta mala
pero aínda así
é o único distinto que nos queda e un comunicado
pero aquí segue sen haber onde hostias aparcar
tremenda casa de putas

fame
fama
lama
cama
que sinxelo é todo
e que caros van os cacharros
a min pídemme un licor café

acabas de ter unha idea revolucionaria e tes que rebentarte
as portas son mellores que os accesos e a mín pélama cando chove

PUBLICIDADE non me digas que eles tamén
pois ti tamén
por estatística escape fume de carozo sapoconchos
lóxica biolóxica

aneurisma occitano e mans no lúpulo por deus e que ti sexas a miña
namorada

lin. 12

col. 23

mestre. 029

FINDOPROCESOPROCESOREMATADOARRECHÉGATE

favores de muller a muller

bícaa con lingua
pero sen fígado e intenta
lucirte ao sol de maio que lindo é maio
e ela é o que agardabamos da vida
ti eu e vinte coma nós

CD 2

RAREZAS + CARAS B

† A Владимир Яковлевич Пропп' s pesadelo †

De pequeno adoitábanme dicir que para ser un home debería traballar. E iso dábame medo.

Fun tolerando anos e vin niso outra mentira máis. Seguíame a medrar a pirola e ao seu redor unha pelame abertzale.

Pero o medo consumíame os afectos. E fodía pensando ser un cativo.

As putas coas que fodía acostumaban a me mirar mentres na miña faciana se debuxaba o pánico de ser un neno na mesa dos maiores mesturado coa ledicia do que se sabe dono dunha bela traizón.

E saía de alí coa pirola cun arrecendo a cona, cuspe e a noite fecha. Subíame ao carro cos meus amigos.

Soaba algún disco bo de Bad Religion.

Marcos falaba de que se atopara á súa moza, é dicir, á que nalgún tempo fora a súa moza. Creio que dixo que lle botara un lapo. No pelo.

Marcos odiaba o feito de que alguén se alisase o pelo un sábado á noite. Atopábao irreal e ficticio. Polo menos, menos real do que supón un lapo con sabor a Mahou Clásica.

Marcos falaba de que se atopara á súa moza e Pedro mirábao con esa faciana de paspán, con ese xesto de creerse un anano que vive no interior da terra e que figura ser un gardián dela.

Pedro predicaba das mulleres. Das mulleres en xeral. Críase un profeta finesecular. E predicaba das mulleres.

Pedro matábase a pallas mentres cagaba. Deste xeito, argumentaba, a súa nai non sospeitaría que o seu fillo era en realidade o que era.

Xa estaba no meu cuarto. Sabíao porque, a escuras, o piloto vermello da televisión semellaba danzar para min.

Creo que era xullo.

Lembraba neses momentos que ese domingo tería que ir onda meus pais por non sei qué hostias.

Acendín a cadea.

Soaba algún disco bo de Metallica.

Tentei liar un peta. Non fun quen.

Espertei cun papel pegado a un peito e cos pelos do bandullo entrelazados e namorados do tabaco.

Penso que foi á idade de trece anos cando a xenreira se presentou na miña mirada. Non sabería dicir o porqué nin se sabía ben o qué estaba a manexar. Pero odiaba.

Odiaba aos homes que falaban á súa parella dicíndolle "nena". Antes de facer do mundo unha irrealidade futuríbel mergullado en ondas brancas, acostumaba pensar no que suporía pasar o coitelo que meu pai gardaba preto da cortadora de céspede pola gorxa dun deses pallasos mentres pronunciase esa verba.

Sorría en silencio cos ollos pechados.

Odiaba aos responsábeis da campaña publicitaria de Pato WC. Non concibía un pato no meu váter.

Bautizara ao meu váter. Chameino Deus.

Cagaba en Deus as lentellas con xamón de onte.

E cagándome en Deus esquecíame dun pato lambecús de inentendíbel factura.

Canto me teño cagado en Deus! Grandes cagadas.

A normal, a ducha, a negra dos chopos, a minimalista... E se non me saía coa resignación do penitente suicida, cantaba.

“Jerusalén está fundada como ciudad bien compacta...”

E cagaba.

Se tivese que facer un cadro no que nunha esquina aparecese Deus, poría dentro desas asequebeis barbas mil pingas de merda reseca.

Odio a Deus.

Mentres quitaba o tabaco do meu bandullo chamei a meu pai. Debían de ser as dúas. Pero de seguro que non eran as nove.

Colle o teléfono nervioso entre frautas e pan de centeo:

-Dime.

-Creo que non vou ir hoxe. Teño que rematar certos asuntos...

-Fillo, vouche dicir unha cousa. Non teño corazón pero vouche dicir unha cousa. Non basta con vivir e con iso pensar que está todo feito.

Colguei.

Botei un lapo nas sobras da cea de onte.

Soaba algún disco bo de Calamaro. Soaba o disco bo de Calamaro.

Fun odiando cada vez máis.

Pasaba o tempo tentando imaxinar algún tipo de tortura medieval de nova degradación. Pero os protagonistas das miñas paranoias latentes non eran pobres farrapentos e desdentados, nin mulleres balteiras. Buscaba algo máis tanxíbel.

Alguén peiteado cara atrás e de áureo papo. Algún papón de camisa rosa, deses aos que os días da festa non lles prestan.

E aí comezaba a nosa festa. A festa dos que temos un bronceado irregular.

Primeiro prato: presidente do Fondo Monetario Internacional rebentado co mesmo raño co que se tiraran as ameixiñas da súa última cea. Da súa derradeira cea.

Segundo prato: presidente neoliberal na piscina de toxos. Peito fendido, escroto rachado e toxos tinguidos de sangue soberano.

Sobremesa: monarca e bispo... Fusilados. Sei que non é ningunha clase de tortura medieval, pero nunca gustei das sobremesas pesadas.

Todo este odio comezaba a facer de min un hooligan mental. Un terrorista de mil e un cavilares.

Pero gozaba del. Non era consensuado, nin formaba parte de nada.

Nada.

Acababa de lle colgar a meu pai. O lapo inda tremía entre as sobras da comida. Tiña unha resaca merecidamente inmensa.

Fun até o meu cuarto.

Puxen algo de música mentres decidía qué facer para matar o tempo.

Optei por ler as cartas que inda gardaba.

Cartas sen senso. Nas que non me vía reflectido. De amigos xa perdidos. De seres non natos coa mesma sensibilidade da pedra que chimpas sobre o mar na noite de outubro.

O comecei a lelas. Outra vez máis.

Soaba algún disco bo de Led Zeppelin.

A primeira databa do dous mil dous. Xa a sabía de memoria, inda así din comezo á súa lectura.

A verdade é que gustaba desa carta.

Sobre todo, dun anaco. Un fragmento no que se podía ver a miña vida, como sentado nun sofá. Contemplala e dicir: “Iso é”. Era eu.

É duro.

Saberse tan complexo, saberse un pesadelo vital antropomorfo, e, de súpeto, estar totalmente pintado e gravado entre unhas verbas ditas case sen querer.

É duro ver que un pode ser definido nun momento de lucidez efémera dun peón calquera.

Era duro.

Pero é que gustaba daquilo.

O camiño do que odia non é sinxelo.

Minto.

Para min, sentir esa angustia, eses miligramos de alcol regurxitando tolemias paranoicas na miña mente doente, era como correrme na cara da virxe María e ver que algunha pinga caera na cara do neniño.

E o mellor é que non era algo que buscase.

O gran mestre díxome un día mentres pensaba no nome do mar que o odio non existía, que non existían as lembranzas.

Dixome que hoxe era hoxe e que sempre sería hoxe.

Hai que ser home para esquecer o nome do mar.

Xa lera cinco de aquelas cartas. Aburríame.

Pensei en ver algunha película.

Pero descarteino.

Todas as películas tiñan un fin. Aberto ou non. Pero tíñano.

E a miña vida, a miña historia non ten fin.

Gustaría de ter algo que alcanzar. Saber cara ónde ir.

Has de supor que tes que vivir para construír un bo pasado. Un do cal estar orgulloso.

Presente e futuro serán pasado. Pois has de supor que tes que moldealos para construír un pasado lindo.

Gustaba desta idea.

Pero descarteina.

Non iría a ningures.

Cantos días da túa vida lembrás?

Vida e morte.

Todo o que non é vida debe ser morte.

Pero entre vida e morte ten que haber un estado de transición. Non concibo que un segundo despois de estar vivo eu non sexa nada.

É máis. Penso que a morte é un estado.

E que cando eu inda non estaba vivo, todo aquilo, era morte.

Se antes de nacer eu non era e ao morrer non serei, pode que fale do mesmo.

É máis, penso que existe algo que non é vida ou morte.

E non falo de deuses, nin almas. Nin falo de reencarnación, nin caralladas de tipo hippiescas.

Falo de min sen estar vivo, sen estar morto, sen estar a cabalo entre vida e morte.

Eu máis alá da vida e da morte.

Noite pechando.

Tras un par de canecos e algún escocés de húmidas ideas conseguín concertar cita cunha máis.

Chegaría á súa casa ás doce.

A esa hora, o seu mozo, que durante a semana traballaba fóra de soldador, xa tería marchado.

O rapaz ese fora amigo meu no colexio. Cando alguén o nomea nalgunha conversa lembro cando un día, en quinto, lle meteu cinco patadas nos collóns a un neno que me quixera roubar un par de canicas das especiais.

Era un bo amigo.

Pero fómolo deixando.

E cando marcha durante a semana chamo á súa moza para foder. E comía as sobras da comida que preparara ao mediodía.

E a rapaza non é que non me gustase, pero era imbécil.

Era deste tipo de persoa que pensaba que o mundo remataba nunha tenda de Bershka.

Timbre.

Pedro e Marcos.

Son as once.

Isto alongarase.

E non irei.

Non vou.

E non vou avisala.

Cabrearase.

Verase defraudada.

Irá de compras.

Zara como substituto fálico.

Non entendo nada máis terrible que a morte.

Non entendo nada máis pracenteiro que o sexo.

Teño a morte no altar do mal e o sexo nun pequeniño sofá de seda branca, xunto as bondades que me rodean.

E ante isto a xente reacciona dun xeito bastante ruín e duro.

O sexo como tabú e morte como a normalidade.

É a sociedade do odio irracional. Da insensibilidade.

Cando fico pensando nisto, collo o meu odio ao colo e ímonos dar un paseo polo meu camposanto preferido.

A morte do poderoso. A morte do irracional. O camposanto da ledicia perenne.

A morte como unha flor inocente entre o vento e o luar dunha noite de xullo.

A morte como arte e beleza.

Barbarie abismal totalitaria amornándose.

Non fun. E sigo mirando o ceo, as nubes.

Pedro e Marcos falan de calquera tolería ou parvada.

Estou apalpando a súa filosofía e a súa arquitectura divina. Pero non son quen.

Pedro e Marcos marcharán de casa deixando unha muller chorando sobre un tule graxento e gris.

Amencía. E seguía mirando as nubes, o frío.

Baixei até a rúa. A xente tiña miradas que non falaban de eles mesmos. E camiñei.

Baleirei a mirada.

Fun xente, cunha mirada que non falaba de mín.

Tropecei cun neno. Era un neno estraño e vouno explicar.

Era louro como el so. Louro de asustar ao demo convencido. A súa roupa só era roupa porque ambos sabíamos que era roupa. Arrecendía a goma mollada, a goma de pneumático.

Non soaba ningún disco.

Pregunteille se estaba ben e dende o chan alcanzou a vertebrar:

-Nada, ho. Fodido e ben fodido.

Quizais continúes a te preguntar cál é motivo de todo isto. Ao mellor téntalo.

Porque es boa xente e pensas que isto irá cara algún sitio. Unha finalidade razoábel.

Todas as películas tiñan un fin.

E a miña vida, a miña historia, non ten fin.

Isto só son pasos.

Non hai camiño. Non teño saída. A meta arde no teu entendemento.

O máis lindo da vida quizais non sexa unha historia, quizais non teña estrutura.

Había unha empanada. Na mesa había panos engraxados e unha empanada.

Quedaba cervexa na neveira e os chourizos eran brancos.

Un chan sen alfombras e con sorridentes tonas de allo.

Unha nova república de azucre maltratado pola humidade dunha fiestra aberta.

Había unha empanada e soaba o teléfono.

Un teléfono normal. Non destes que empregan Jamie e Sylvia no seu apartamento ateigado de botes de laca e sofás maldeformados que todo o saben.

Soaba o teléfono normal. Como o que tes ti.

Levanteime do chan.

Descolguei.

Colguei.

Ás veces as empanadas saen secas e debes beber moito auga ou non comelas.

Porque ás veces seime abrigado por estes animais insensatos. Seguirei sendo eu mentres haxa empanada.

Hoxe sairemos.

Hoxe sairemos. Hoxe somos inercia. Inercia poderosa á que non se lle cuestiona nin unha vírgula.

Marcos e Pedro cóllenme en casa.

Os tres chegamos ao primeiro pub con esta mirada sobria de martes pola tarde. Coa nosa entrada facemos unha breve e inestudada análise deste merdento hábitat. Regulamos.

Piden. Cun aire impropio. Porque poderían ser totalmente distintos e pedir do mesmo xeito. Poderían ser algún tipo de asasinos que non danasen o que sentes.

Pero piden. E reciben.

E como excelentes guionistas pornográficos espallámonos. Somos gases innobres engulindo o ambiente.

Entramos en cada gorxa.

Non contamos as horas.

Un, dous, tres... Non. Non contamos.

Nalgún intre un fío rachou.

Xa estou na cama con alguén tocando un instrumento medieval de corda coa patente en trámite.

O soño retárdase correctamente.

Cando voamos, só nós imos tras de todo o que deixamos atrás.

